



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Abril 2022

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 21,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 5,4 puntos superior á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 24,5%, 6,5 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 12,8% e nos Outros servizos o 48,5%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 3,1% e en España un 5,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de abril.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 21,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 5,4 puntos superior á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 24,5%, 6,5 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 12,8%, suma 9,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 48,5% e achegan 11,8 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 23,6% e nos *Outros servizos* o 26,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 13,1%, co que achega 7,4 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 12,5% e achega 0,3 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 11,3% e suma 1,9 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 30,2%, o *Comercio ao retalho* o 15,5% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 3,9%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 48,5%. Todos os sectores aumentan a súa facturación. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 62,6%, co que achega 6,3 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 86,9%, co que achega 3,7 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 26,5%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (31,4%), na *Hostalería* (105,2%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (38,5%).

Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 25,8% en Galicia e un 22,4% no conxunto de España. O *Comercio* crece un 22,3% e os *Outros servizos* un 36,1% en Galicia. España rexistra taxas inferiores, 21,5% no *Comercio* e 24,4% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (26,8%), *Transporte* (41,1%) e *Hostalería* (128,4%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 29,4% no mes de abril.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Transporte*, cunha taxa do 40,9% achega 8,3 puntos e a *Hostalería*, ao crecer un 94,8%, achega 10,6 puntos.


No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 31,9%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (29,0%) e *Hostalería* (134,4%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 25,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 31,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de abril aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (61,5%) e Canarias (55,2%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (8,2%) e La Rioja (11,4%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Canarias (47,5%) e Illes Balears (46,1%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (11,2%) e Castilla y León (15,2%).

Índices de cifra de negocios. Abril 2022

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 3,1% respecto ao mes de abril de 2021, 2,3 puntos menos que en España (5,4%).

O persoal ocupado crece un 1,6% no *Comercio* e un 4,3% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás o *Transporte* (-1,3%). O maior incremento dáse na *Hostalería* (13,7%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexístrase tamén na *Hostalería* (19,0%).

No que vai de ano, a ocupación crece un 3,4% en Galicia e un 4,7% no conxunto de España. Todos os sectores rexistran taxas positivas; o maior incremento dáse na Hostalería, 11,0% en Galicia e 14,8% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de abril con respecto ao mesmo mes do ano 2021. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (26,2%) e Canarias (7,8%). A taxa máis baixa rexístrase en Aragón (1,8%).

No acumulado do ano, os maiores crecementos danse en Illes Balears (15,2%) e Canarias (6,5%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (2,1%) e País Vasco (2,3%).

Índices de persoal ocupado. Abril 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	163,7	21,5	25,8
Comercio	154,1	12,8	22,3
Venta e reparación de vehículos de motor	107,4	12,5	19,0
Comercio por xunto	172,6	13,1	26,8
Comercio ao retallo	118,9	11,3	9,0
Outros servizos	191,6	48,5	36,1
Transporte	295,4	62,6	41,1
Hostalería	106,6	86,9	128,4
Información e comunicacións	120,1	13,3	15,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	145,3	9,6	10,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,6	39,3	16,0
España			
Xeral	138,1	24,5	22,4
Comercio	144,2	23,6	21,5
Venta e reparación de vehículos de motor	120,6	3,9	4,4
Comercio por xunto	162,2	30,2	28,1
Comercio ao retallo	117,3	15,5	12,6
Outros servizos	126,8	26,5	24,4
Transporte	139,9	31,4	26,1
Hostalería	114,2	105,2	104,0
Información e comunicacións	114,6	5,7	8,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	138,4	4,8	8,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,2	38,5	31,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	147,9	29,4	31,9
Comercio	146,7	13,7	21,0
Transporte	215,6	40,9	29,0
Hostalería	114,3	94,8	134,4
Información e comunicacións	123,2	15,5	17,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	156,5	15,4	15,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	151,7	38,1	22,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	138,1	24,5	22,4
Andalucía	136,7	22,4	18,5
Aragón	131,9	18,7	20,5
Asturias	132,4	20,9	18,6
Baleares, Illes	115,0	61,5	46,1
Canarias	123,0	55,2	47,5
Cantabria	143,8	24,8	18,0
Castilla y León	130,5	20,5	15,2
Castilla-La Mancha	138,0	17,2	16,9
Cataluña	130,7	21,4	21,4
Comunitat Valenciana	139,2	21,5	18,9
Extremadura	138,8	19,3	19,7
GALICIA	163,7	21,5	25,8
Madrid	145,6	28,8	25,3
Murcia	131,1	8,2	11,2
Navarra	153,8	25,3	20,9
País Vasco	134,3	18,8	18,3
Rioja, La	144,5	11,4	17,4

Fonte: N E

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,1	3,1	3,4
Comercio	108,8	1,6	2,3
Venta e reparación de vehículos de motor	96,9	0,5	1,9
Comercio por xunto	121,3	0,0	0,9
Comercio ao retalho	104,0	3,0	3,5
Outros servizos	105,8	4,3	4,3
Transporte	99,7	-1,3	0,2
Hostalería	97,2	13,7	11,0
Información e comunicacións	116,1	4,9	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,2	2,1	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,9	1,5	3,2
España			
Xeral	108,6	5,4	4,7
Comercio	106,1	2,1	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	104,6	1,7	1,4
Comercio por xunto	110,8	1,9	1,1
Comercio ao retalho	103,4	2,3	2,6
Outros servizos	110,2	7,6	6,5
Transporte	109,1	3,7	2,9
Hostalería	103,7	19,0	14,8
Información e comunicacións	117,1	5,1	4,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,4	3,0	2,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,4	5,1	5,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,6	5,4	4,7
Andalucía	107,7	6,7	5,0
Aragón	106,9	1,8	2,1
Asturias	105,4	4,4	3,3
Baleares, Illes	111,1	26,2	15,2
Canarias	104,1	7,8	6,5
Cantabria	106,6	5,7	5,1
Castilla y León	102,3	2,9	2,4
Castilla-La Mancha	108,9	4,9	4,6
Cataluña	111,3	6,2	5,9
Comunitat Valenciana	108,9	4,2	3,5
Extremadura	107,0	5,2	5,1
GALICIA	107,1	3,1	3,4
Madrid	109,7	4,5	4,2
Murcia	114,3	3,0	4,2
Navarra	108,3	4,3	4,8
País Vasco	105,2	2,4	2,3
Rioja, La	107,1	2,6	2,9

Fonte: N E